- **Autonomía e iniciativa persoal:** **Kamii** destaca que esta competencia implica un coñecemento de si mesmo axustado á realidade, valorando as posibilidades e límites, as actitudes de esforzo e superación persoal. Estámola a traballar cando un alumno/a é responsable do día e da semana en tarefas como poñer a data ou regar as plantas.

A relación das competencias co resto dos elementos curriculares caracterízase por ser interdisciplinar e integral. Así, cada competencia debe ser abordada desde os obxectivos de diversas áreas curriculares, ó igual que cada obxectivo xeral de área debe de abordar o desenvolvemento de habilidades asociadas a distintas competencias. A secuencia de contidos contemplará a progresión na adquisición dos conceptos, procedementos e actitudes propios de cada área e das habilidades propias de cada competencia. A través de estratexias e iniciativas innovadoras conseguiremos levar a cabo esta proposta.

5 METODOLOXÍA

No seguinte apartado faise imprescindible determinar cal é a forma máis adecuada para traballar co meu grupo de alumnos/as, é dicir, cal vai ser a metodoloxía a seguir.

Desde unha perspectiva psicopedagóxica nesta programación didáctica vou partir das achegas de diferentes autores, **Piaget**, axustando a miña intervención ás características psicoevolutivas dos meus alumnos/as, **Vigotsky**, eu como docente terei que situar a miña intervención educativa na zona de desenvolvemento próximo dos meus nenos/as, **Ausubel**, asegurando a construción de aprendizaxes significativas. E autores da escola nova como **María Montessori**, e o traballo por recunchos, que formarán parte da miña organización espacial da aula; as irmás **Agazzi**, e a relación familia-escola, así como o uso de material de refugallo; **CelêstineFreinet** e os obradoiros que formarán parte da miña metodoloxía de traballo, ou **OvidioDecroly**, e os centros de interese que abarcarán as UDD que se inclúen nesta programación.

E por suposto, terei en conta as orientacións metodolóxicas propostas no currículo (**Decreto 330/2009 do 4 de xuño**) para o 2º ciclo da etapa.

5.1 Ambiente de aprendizaxe

En canto ao **espazo** dicir que todo na aula está sinalizado. Deste modo facilitarase a orde e a actividade autónoma dos nenos e nenas.

A aula está dividida en espazos perfectamente diferenciados zonas de descanso, traballo individual e recunchos. Contémplanse os seguintes:

- **Recuncho da biblioteca**: coxíns e estantes onde haberá non só contos e libros comercializados, senón tamén contos que traian os propios nenos da casa e mesmo contos que inventaremos na aula. Neste recuncho realizaranse as actividades propias da biblioteca, relacionadas co Plan Lector do centro, levaremos a cabo actividades de iniciación á lectoescritura, realizaremos unha campaña de fomento da lectura realizaranse as investigacións sobre o proxecto anual da aula.
- **Recuncho do xogo simbólico**: que os nenos/as coñecen como o “**Recuncho da Casiña**”. Conta cunha “cociña” con pratos, cubertos e alimentos de plástico, manteis, bonecos, peluches, escoba e recolledor, caixiña de perruquería, médicos e ferramentas.
- **Recuncho de arte**: no que podemos atopar unha cubeta con papeis en branco, debuxos e outras fichas que os nenos/as de forma autónoma collen e pintan,

material para realizar estampacións e diferentes manualidades que se irán cambiando semana a semana.

- **Recuncho da construción:** no que podemos atopar xogos de enserir, dominós, bloques de construción, quebracabezas ...que os nenos e nenas utilizan e recollen de forma autónoma.

Cada día escollen recuncho durante a asemblea, por medio dun rexistro con estrelas de cores. Eles xa saben que non pode repetir cor durante toda a semana, teñen que ir cada día a un rexistro diferente, escollendo en primeiro lugar o encargado/a do día.

En canto á organización do **tempo** tal e como se nos esixe no **Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil para Galicia**, este será flexible, formulando actividades nas que se respecten os ritmos individuais dos meus alumnos e alumnas e as súas múltiples e variadas necesidades no que se refire á actividade, repouso, alimentación, hixiene... pero a maiores desta flexibilización do tempo, ao longo de todo o curso levaremos a cabo unha serie de **RUTINAS DE AULA**, mediante as cales trataremos de establecer unha certa orde temporal e espacial na mente do neno/a, dado que a estas idades tal e como nos indican os autores **Bohem e Piaget**, aínda non teñen adquirida a noción do tempo.

Algunhas das rutinas levadas a cabo ao longo da xornada, a modo de exemplo son as seguintes:

Á primeira hora da mañá traballárase o hábito de quitarse o abrigo, colgalo na percha correspondente (marcada coa súa foto e nome) e por e abotoar o mandilón. Logo seguiránlle as rutinas de pasar lista, a do calendario, e ado tempo que fai.

Para pasar lista contaremos co mural da “escola e a casa”; na cartolina que representa a casa estarán colgadas as pinzas co nome de cada un deles, e o encargado/a do día colgará na cartolina da escola para indicar que nenos/as asistiron a escola e deixará na cartolina da casa os que quedaron na casa. Despois recolleremos noutro mural o número de nenos e nenas que asistiron á escola e os que faltaron.

Despois pasamos ao calendario de cada mes, no que o encargado/a do día irá riscando o día que xa pasou e rodeando aquel no que esteamos, traballaremos así non so as nocións de tempo, números e días da semana senón tamén a motricidade fina.

Recitaremos a poesía “ventaniña da miña clase” para ver o tempo atmosférico que fai, e colocarán no mural das rutinas o pictograma correspondente.

A asemblea suporá un encontro entre todo o grupo e será unha rutina diaria ao comezo da sesión que nos servirá para: levar a cabo as rutinas anteriormente citadas e ademais

conversar sobre que os nenos/as necesiten comentar, para sacar á luz os seus coñecementos e sobre todo para organizar o plan de traballo da sesión.

Chega o momento do traballo individual, onde cada neno/a na súa mesa de forma autónoma realizará a ficha ou traballo individual que lle corresponda .

Unha vez rematen o traballo acudirán os recunchos. Unhas veces será xogo libre e outro máis dirixido por min, con tarefas concretas.

Seguidamente virá a rutina da merenda,a cal se fará a media mañá. Antes de merendar lavarán as mans para que adquiran hábitos de hixiene e limpeza. Co fin de evitar o consumo de bollería, ao comezo de curso elaborouse un menú semanal onde se especifica que deben traer os nenos/as de merenda cada día ao colexio promovendo así unha alimentación sa e saudable.

Tras a merenda, virá a hora do recreo e posterior hora de ler onde se fomentará o hábito lector mediante actividades programadas de lecturas compartidas, ao aire libre cando a situación climatolóxica o permita e no interior da biblioteca.

Procurarase manter unha atención individualizada, reforzando a confianza dos nenos/as en sí mesmos e potenciando a súa autoestima para que progresivamente vaia adquirindo seguridade nas súas propias capacidades.

Os materiais adecuaránse ás necesidades educativas, ós contidos e ás actividades a realizar, intentando que sexan o máis diversos posibles e que posibiliten múltiples posibilidades de acción.

Os materiais utilizados serán os específicos da aula (puzzles, aros, bloques lóxicos, pelotas, láminas...), os recollidos no contorno (follas, pedras, area...), os traídos da casa (fotografías, botes...), os textos e contos da biblioteca do colexio, da aula e da casa.

Ademáis destes, traballaremos cos seguintes libros:

- No quinto nivel :
 - Talleres matemáticas manipulativas .Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-2781-4
 - Canto sabemos. A volta ao Mundo. Editorial Santillana. ISBN: 978-84-9972-874-2
- No sexto nivel:
 - Talleres matemáticas manipulativas .Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-2778-4
 - Canto sabemos.A volta ao Mundo. Editorial Santillana.ISBN: 978-84-9972-625-0

5.2 PERSPECTIVA DIDÁCTICA

Á hora de organizar os contidos debemos ter en conta o **enfoque globalizador** segundo o cal as propostas didácticas terán como punto de partida situacións globais, xa que a percepción do mundo infantil non se realiza de forma analítica senón que, dado o carácter sincrético da mesma, cáptase na súa totalidade. É importante ofrecerlles ós nenos e nenas situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. O noso referente debe ser o de **“aprender a aprender”**, realizando unha **aprendizaxe significativa** que se transfira a situacións da vida real. Para desenvolver as competencias é preciso traballar, sobre todo, por **proxectos e resolvendo problemas**, propoñendo tarefas e retos que inciten ás alumnas e alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades. Tratarase de achegar a escola á vida diaria, mediante un enfoque globalizador, partindo dos intereses das nenas e nenos, das súas experiencias e coñecementos previos. Achegarémonos tamén a experiencias de innovación Educativa moi presentes na pedagogía actual centradas no desenvolvemento da creatividade e no aprendizaxe en grupo. Falamos así do método de **Filosofía para nenos** proposto por **Matthew Lipman**, presente a través do proxecto **Noria: “Xogar a pensar”** e contextualizado en Galicia a través do proxecto **Miroscopio** que pretende o desenvolvemento das habilidades emocionais e cognitivas con actividades funcionais que potencian a creatividade do alumno. Poñerei en práctica tamén a base pedagóxica do **Aprendizaxe Cooperativo** proposto por **Pujolas** que céntrase no traballo colaborativo en equipos de investigación e pretende que o alumnado descubra a importancia da meta común como motor da propia aprendizaxe. Pola idade dos meus alumnos, centrareime nos **ámbitos A**, cohesión de grupo e no **ámbito B**, o aprendizaxe cooperativo como recurso para aprender.

É relevante a importancia do **xogo** como un recurso didáctico que estará sempre presente na aula e co cal os nenos e nenas aprenderán xogando e xogarán aprendendo.

Outro aspecto que debemos ter en conta é a **afectividade**, xa que deben sentirse seguros e construír coñecementos a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

5.3 PAPEL DO PROFESORADO

O noso papel debe ser de guía e orientador do proceso de ensino – aprendizaxe, facilitando ó alumnado todos os recursos e axudas que precise para desenvolver as súas capacidades.

A concepción da escola coma un grupo humano implica a aceptación da diversidade de alumnos e alumnas que, como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade do alumnado, obxectivo clave da LOE, supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas, aceptando que cada un deles ten os seus propios intereses , capacidades e necesidades.

Faise, polo tanto, preciso por parte dos educadores a adopción de **estratexias efectivas que garantan a atención á diversidade** da aula. Estratexias tales como:

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose ós ritmos individuais de cada alumno.
- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Adecuar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado da aula.
- En cada Unidade Didáctica levaranse a cabo actividades que reforcen os aprendizaxes de uns e actividades que amplíen as de outros, se fose necesario para atender á diversidade.

Esta programación adaptarase ás necesidades individuais por iso se deseñou cun carácter aberto e flexible que nos permite que unha mesma actividade se realice de diferentes xeitos segundo as diferenzas individuais de cada neno e nena.

5.4 PAPEL DO ALUMNADO

Os alumnos son elementos activos do proceso de ensino-aprendizaxe, son os que deben de marcar o punto de partida da elección dos centros de interese en base ás súas inquiredanzas.

Neste sentido, convértense en buscadores de respostas, formuladores de hipóteses, anticipadores de accións,... desenvolvemento a súa capacidade de aprendizaxe e reflexionarán sobre os seus progresos, facilitando o fortalecemento da súa autoestima.

5.5 AGRUPAMENTOS

Ó longo do curso realizaranse actividades de **gran grupo**, mediante as cales se traballará a súa socialización como poden ser os debates, asembleas, conferencias, etc; as actividades en **pequeno grupo**, coas cales se fomentará o espírito cooperativo, estas serán variables, homoxéneas e heteroxéneas, fundamentalmente traballarase a través dos recantos; e por último as actividades **individuais**, as cales son relevantes para a interacción máis específica comigo e serviranme para avaliar a consecución individual de determinados obxectivos.

5.6 APERTURA Ó CONTORNO

Para garantir o óptimo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe é fundamental que o centro e a propia aula estea aberta a todo aquilo que a rodea. Con este fin utilizaranse todos os espazos do centro como son a sala de usos múltiples, o patio, comedor e os da localidade: pavillón, parques,... cuxo uso se reflectirá nas diversas actividades que desenvolven as unidades didácticas.

Ademais desenvolveranse aquelas que xurdan e supoñan un interese para o noso alumnado e para o desenvolvemento do proceso.

Os recursos persoais cos que conta o centro inclúen a toda a comunidade educativa, tanto o persoal do centro como o externo constitúen un recurso de primeira orde á hora de traballar. Neste sentido é relevante a participación das familias no proceso xa que é de suma importancia a actitude próxima e de diálogo dos mestres coas familias, debido a que a educación dos nenos e nenas é compartida do profesorado e dos pais/nais. A colaboración debe ser o mais fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e mutuo respecto.

Esta participación podémola analizar de dúas formas: por unha parte, observamos que xeralmente as familias por iniciativa propia non soen acudir ó centro nin participar nas actividades que este realiza, sen embargo, non amosan actitudes negativas cando se solicita a súa colaboración de forma explícita. Isto aparece reflectido no PEC e xera un obxectivo que fai referencia á necesidade de fomentar a participación activa das familias na escola.

Realizaranse as seguintes través reunións que se establecen ó longo do curso:

- Inicial: na que están os titores, director e orientador. Realízase antes do 30 de setembro e apórtaselles ás familias información sobre o funcionamento do centro, normas, horarios, etc..
- Trimestral: de nivel e/ou aula, que se realizará antes do 15 de outubro, convócase ás familias de un mesmo grupo ou nivel e serán coordinadas polo titor do grupo.

- Unha hora semanal de tutoría na que se atenderá individualmente ós pais e nais. Poderá ser convocada por nós ou por eles mesmos e abordaranse aspectos concretos do alumno.
- E finalmente segundo a **Orde do 25 de xuño do 2009**, temos a obriga de lles entregar ás familias trimestralmente un boletín de información sobre a evolución continua dos seus fillos.

Por outra banda, a un nivel mais informal, prodúcese multitude de ocasións, que se deben destacar, nas que tomamos contacto coas familias e nos aporta sempre datos relevantes. Estes son os momentos de entrada e saída, festas, visitas, actividades que compartimos, etc..

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E CONMEMORACIÓNS

9. AVALIACIÓN

Na práctica educativa, a avaliación constitúe un elemento e un proceso fundamental, e permite en cada momento recoller información e realizar os xuízos de valor precisos para a orientación e a toma de decisións sobre o proceso de ensino – aprendizaxe. A súa finalidade é orientar tanto ós alumnos como ó profesor sobre determinados aspectos do proceso educativo, como os obxectivos, contidos, a metodoloxía, recursos, detección de necesidades educativas,... Por tanto a avaliación implica tanto ó alumno como ó propio sistema escolar no seu conxunto e a todos os profesionais que interveñen no proceso de ensino – aprendizaxe.

No relativo ó **COMO AVALIAR**, o proceso será global, continuo e formativo. Entendemos pois que a avaliación en canto que **global**, debe acompañar constantemente ó proceso de ensino-aprendizaxe, formando parte inseparable de dito proceso. Terá, así, un carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo. A avaliación **continua** proporciona unha información constante acerca do proceso de ensino-aprendizaxe, adáptase ás posibilidades do alumnado permitindo a modificación dos aspectos que aparezan disfuncionais, aporta información das características diferenciais de cada un dos alumnos en canto ós seus progresos e ás súas dificultades. Terá ademais un carácter **formativo**, regulador e orientador do proceso educativo, proporcionando unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

En canto ás técnicas que empregaremos para levar a cabo a avaliación serán a **observación directa e sistemática**, a análise das producións do alumnado, os datos recollidos dos informes previos, así como os aspectos destacados das entrevistas coas familias e dos diversos contactos establecidos.

Polo tanto levarase a cabo unha **avaliación inicial** de cada neno/a ó inicio do curso para partir dos coñecementos previos. Farase tamén unha **avaliación formativa e continua** baseada na observación sistemática e individualizada para valora-los progresos e as dificultades de cada neno/a e propoñer actividades de reforzo ou ampliación adecuadas.

En cada trimestre os nenos levarán un informe para os pais sobre a evolución dos seus fillos. Cada un deses informes estarán cubertos cos ítems mais axeitados a cada curso que aparecen no XADE.

Deixarase no expediente académico de cada neno/a unha avaliación final de nivel de xeito que se poida analizar a evolución ó longo dos cursos.

Cubriránse no XADE os seguintes informes:

- Informe persoal.
- Avaliación inicial.
- Avaliacións trimestrais en cada curso.
- Avaliación final de ciclo.

En canto ó **QUE AVALIAR** atópanse reflectidos nas táboas.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A educación será individualizada e axustarase ás características de cada un dos nenos, tendo en conta sempre a súa capacidade, motivación, estilo de aprendizaxe, ritmo de traballo, aptitudes, problemáticas familiares...

Por todo iso intentarase ser flexible adaptándonos á diversidade do alumnado e ás súas necesidades establecendo un clima de aceptación e apoio mútuo.

Partirase dos intereses e dos esquemas de coñecemento que teñan para desenvolver unha aprendizaxe significativa, atendendo a súa diversidade e elaborando, sempre que sexa preciso, actividades de reforzo e ampliación.

Sempre que sexa preciso contarase coa axuda da especialista en audición e linguaxe ou de pedagogía terapéutica, tanto para a creación de material ou programación de actividades concretas necesarias para casos determinados, coma da entrada das mesmas na aula como medida de apoio.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. Temporalización

2. Obxectivos desta adaptación.

3. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

4. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

•4.1 Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

•4.2 Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.

5. Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 20-21.

1. Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2021-22: avaliacións iniciais e valoración das aprendizaxes imprescindibles impartidas e non impartidas no curso 2020-2021.

Ao longo do curso 2021-2022: incorporación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas e adaptacións á docencia non presencial de ser preciso.

2. Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019-2020, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Tendo en conta todos os datos recadados nas avaliacións iniciais co alumnado, o desenvolvemento da actividade lectiva, tomaranse as seguintes medidas de ser preciso:

- Actividades de acollida que faciliten a adaptación e a adquisición dos hábitos de prevención e hixiene recollidos no noso Plan de Adaptación e no Plan de Acollida.
- Actividades de acollida especialmente para aquel alumnado que cambia de grupo, etapa ou de nova escolarización, mantendo unha comunicación constante coas familias das/os mesmas/os.
- Dinámicas de diálogo para expresar emocións e sentimentos (positivos e negativos) sobre a situación vivida e sobre como está sendo a volta ao centro.

- Elaboración de planes de reforzo para acadar os contidos non traballados ou non superados no curso 2019-2020. Eses plans poderán ser individuais para cada alumna/o ou para o grupo, atendendo aos resultados das avaliacións iniciais.

4. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

4.1 Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena

O alumnado que se atope temporalmente en situación de corentena, sempre que o seu estado de saúde o permita, continuará coa súa formación no seu domicilio empregando a teledocencia para a súa formación.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais moodle, Webex, etc. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, a titora ou o profesorado correspondente elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

Poderase facer uso de videoconferencias durante a xornada lectiva, garantindo en todo momento a privacidade do restante alumnado mediante a colocación da cámara na mesa do profesorado ou nun lugar orientado a unha parede ou encerado, evitando

que se vexa o restante alumnado e silenciando o altofalante cando se estea a solucionar dúbidas do alumnado que estea presencialmente na aula.

Fomentarase o emprego de actividades interactivas, tanto para o alumnado en corentena como para o alumnado que estea presencialmente na aula.

As titorías coas familias continuarán a realizarse mediante videoconferencia, correo, abalar móbil e/ou chamada telefónica. Extremarase a comunicación coas familias do alumnado en corentena para asegurarse da evolución e das dificultades que poidan acontecer.

4.2 Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.

- A canle de comunicación co profesorado durante este período é ABALAR MÓBIL ou a mensaxería das aulas virtuais.

- O horario de titorías seguirá a ser os Luns de 15.30 a 16:30. Deberase solicitar titoría co profesorado con antelación mediante Abalar Móbil ou a mensaxería das aulas virtuais.

- Calquera incidencia técnica ou problemas de conexión deberán ser informados aos titores/as á maior brevidade para tentar solucionar o problema e que conste a súa existencia.

- O profesorado de apoio xunto coa orientadora elaborará un cadro de apoio para realizar mediante webex aquelas intervencións que sexan precisas co alumnado que recibía apoio no centro. O horario da ORIENTADORA e da mestra de PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA realizaranse unha vez aprobados estes horarios espello de acordo coas necesidades presentes no alumnado no momento do confinamento. Este horario espello para estas especialistas será remitido a inspección educativa á menor brevidade e comunicado ás familias interesadas.

O alumnado de Ed. Infantil continuará coa súa formación a distancia mediante a realización de tarefas diarias. Estas tarefas terán un compoñente formativo, co que poidan continuar desenvolvendo as súas competencias e destrezas, así como un compoñente lúdico e reconfortante para evitar crear neles unha sensación de inestabilidade.

As tarefas serán enviadas as familias mediante Aula Virtual (no caso de actividades para imprimir ou interactivas) e mediante a canle de difusión establecida pola mestra na que se enviarán retos, cancións, xogos... As actividades realizadas deberán ser enviadas á mestra mediante a aula virtual nas tarefas creadas pola mesma para a súa entrega, ou pola canle que estableza para cada actividade.

5. Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 21-22.

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado e ao desenvolvemento da situación, procederase á súa actualización.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. **Adaptacións necesarias á docencia non presencial**
 - I. **Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.**
 - II. **Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.**
2. **Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 21-22**

1. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

I. Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

O alumnado que se atope temporalmente en situación de corentena, sempre que o seu estado de saúde o permita, continuará coa súa formación no seu domicilio empregando a teledocencia para a súa formación.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais moodle, plataforma EVA, Webex, etc. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención

educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

Achegaráselle mediante as canles posibles todo o material, libros de texto e/ou bibliografía necesaria para a continuidade no traballo de aula.

Para o seguimento deste alumnado empregárase preferentemente a mensaxería mediante a aula virtual ou a plataforma EVA, para así poder ir solucionando dúbidas, e de ser preciso realizaranse videoconferencias durante as gardas ou momentos nos que o profesorado poida atender a este alumno dentro do seu horario semanal.

Fomentarase o emprego de actividades interactivas, tanto para o alumnado en corentena como para o alumnado que estea presencialmente na aula.

As titorías coas familias continuarán a realizarse mediante videoconferencia, correo, abalar móbil e/ou chamada telefónica. Extremarase a comunicación coas familias do alumnado en corentena para asegurarse da evolución e das dificultades que poidan acontecer.

II. Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.

O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido no Plan de Continxencia do mesmo.

Para garantir a continuidade, o centro establece unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

A continuación reflectimos o horario para os cursos do grupo de 3º de primaria e do grupo mixto de 4º5º6º segundo a *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan as instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia do COVID-19:*

3º PRIMARIA

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 – 10:10	MATEMÁT.	LENGUA C.	LINGUA G.	MATEMÁT.	LINGUA G.
10:10 – 10:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
10:30 – 11:10	LINGUA G.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	SOCIAIS	LENGUA C.
11:10 – 11:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
11:30 – 12:00	Tempo de descanso (30 minutos)				
12:00 – 12:40	NATURAIS	INGLÉS	LENGUA C.	NATURAIS	ED. FÍSICA
12:40 – 13:00	T.I		T.I	T.I	T.I
13:00 – 13:40	SOCIAIS	RELIXIÓN/VALORES	PLÁSTICA (Inglés)	MÚSICA	INGLÉS
13:40 – 14:00	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I

4º5º6º PRIMARIA

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 – 10:10	MATEMÁT.	LENGUA C.	LENGUA C.	MATEMÁT.	LINGUA G.
10:10 – 10:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
10:30 – 11:10	LINGUA G.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MÚSICA	LENGUA C.
11:10 – 11:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
11:30 – 12:00	Tempo de descanso (30 minutos)				
12:00 – 12:40	NATURAIS	RELIXIÓN/VALORES	LINGUA G.	NATURAIS	PLÁSTICA (Inglés)
12:40 – 13:00	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
13:00 – 13:40	SOCIAIS	INGLÉS	INGLÉS	SOCIAIS	ED. FÍSICA
13:40 – 14:00	T.I			T.I	T.I

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesmo.

O alumnado deberá conectarse as sesións establecidas neste horario con 5 minutos de antelación e debera permanecer conectado respectando as normas que o profesorado aplique para as sesións non presenciais. As restantes normas de convivencia aplicables ao ensino presencial serán tamén aplicables ao ensino non presencial.

Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

Os tipos de actividades, metodoloxía empregada e recursos cos que contamos para a teledocencia no caso de suspensión presencial de un ou varios grupos, ou do centro completo, recóllense no seguinte cadro:

Actividades, metodoloxía e recursos para a teledocencia	
Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Exercicios e tarefas nos libros de texto e caderno do/a alumno/a.• Actividades e tarefas na aula virtual do centro ou EVA Edixgal.• Fichas interactivas dos contidos traballados (Liveworksheets).• Recursos online: xogos, test, vídeos, cancións e gamificación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Alumnado con conectividade: <ul style="list-style-type: none">• Horario espello establecido polo centro para o grupo.• Aula Virtual do centro/Plataforma EVA para o acceso aos contidos e actividades da materia e curso.

	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de tarefas interactivas e emprego de outros recursos dixitais (Liveworksheets, Kahoots...) • Videoconferencias con CISCO WEBEX para resolución de dúbidas, correccións e pautas e explicación do traballo diario. • Teléfono e correo electrónico. • Traballo no caderno e/ou libros de texto. <p><u>Alumnado sen conectividade:</u></p> <p>Neste caso deberase solucionar o problema de conexión á maior brevidade posible. Entregarase un kit de conexión existente no centro para tal fin. Mentres a ausencia de conectividade persista o alumnado será atendido do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo no caderno e/ou libros de texto. • Fichas impresas de repaso, reforzo e ampliación. • Teléfono para a comunicación co alumnado e familias e solución de dúbidas.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Virtual do centro / Plataforma EVA. • Mensaxería da aula virtual e do entorno virtual de aprendizaxe. • Videoconferencias WEBEX e Falemos. • Correo electrónico corporativo. • Materiais impresos e bibliografía.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial no caso de que teñamos que avaliar a consecución dos obxectivos e adquisición dos contidos por parte do alumnado serán os seguintes:

Procedementos	Instrumentos de avaliación	Etapa
Observación sistemática, rexistro e análise dos produtos do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbricas para a valoración das tarefas realizadas, retos propostos, traballos de investigación de carácter interdisciplinar... • Cadernos do alumnado e/ou entrega de traballos escritos, tarefas na aula virtual, elaboración de esquemas, resumos, textos... 	Infantil Primaria
Probas orais	<p>Empregaremos as <u>videoconferencias</u> para realizar diferentes probas orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura expresiva 	Primaria

	<ul style="list-style-type: none">• Resposta a preguntas do contidos traballados• Exposición dun tema	
Probas escritas	<ul style="list-style-type: none">- Recursos na aula virtual (1º, 2º e 3º Primaria).- Recursos na plataforma EVA (4º, 5º e 6º de primaria).- Fichas interactivas (Liveworksheets).- Tarefas en tempo real con videoconferencia: exercicios, solución de problemas...- Cuestionarios e test nas aulas virtuais do centro.	Primaria

5. Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 21-22.

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado e ao desenvolvemento da situación, procederase á súa actualización.

ACTA DA AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO APRENDIZAXE

AVALIACIÓN:

GRUPO/CLASE:

CURSO:

TITOR/A // ESPECIALISTA:

AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

ASPECTO	ACADADO	EN PROCESO	NON ACADADO
PROGRAMACIÓN			
As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado.			
Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.			
As unidades / proxectos réxense por unha temporalización lóxica.			
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.			
METODOLOXÍA			
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.			
É válida a nosa metodoloxía para alcanzar os estándares.			
A información da avaliación inicial é suficiente, clara e precisa.			
As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.			
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.			
Os reforzos positivos que se dan son máis ca os negativos			
ORGANIZACIÓN			
A actitude do mestre dentro da aula é adecuada tanto na busca de información inicial como no coñecemento de resultados.			
A organización de grupos dentro da aula facilita o desenvolvemento do proceso de Ensino -Aprendizaxe.			
A organización adáptase ás necesidades específicas e aos recursos.			
O tempo real de clase aprovéitase de forma efectiva.			
A organización permite a individualización en función dos recursos.			
As medidas de atención a diversidade axústanse ás necesidades do alumnado en función dos recursos. (*1 ESPECIFICAR)			
CLIMA DE TRABALLO			
O clima socioafectivo é adecuado entre mestre e grupo.			
A relación entre o alumnado é positiva			
COORDINACIÓN			
Entre o profesorado titor do nivel			
Entre o profesorado titor do nivel e especialistas			
Familia - Escola			

(*1 ESPECIFICAR) CADRO MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS

ORDINARIAS	
	Adecuación da organización e xestión da aula/ centro ás características do alumnado.
	Metodoloxía (traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos...)
	Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación.
	Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
	Desdobramentos de grupos.
	Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
	Programas de enriquecemento curricular.
	Programas de recuperación.
	Programas de habilidades sociais.
	EXTRAORDINARIAS
	Adaptacións curriculares
	Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e/ ou Audición e Linguaxe (AL)
	Flexibilización do período de escolarización.
	OUTRAS
	REFORZA-T

2. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

3. CONCLUSIÓNS XERAIS DO GRUPO / CLASE (Só titor@S)

Toques, _____ de _____ de _____

O/A mestre/a

Selo do centro